



CONCELLO DE
SANTIAGO

CUARTA PARTE

NORMAS DE RECOÑECIMIENTO E VALORACIÓN.

Os criterios contables mas significativos aplicados na formulación das contas anuais son os que se describen a continuación:

a) Inmobilizado material (norma de valoración 1º); Infraestructuras, bens comunais e patrimonio Histórico (norma de valoración 2º), Patrimonio Público do solo (norma de valoración 3º) e Inwestimentos inmobiliarios (norma de valoración 4º).

a.1) Os criterios de valoración utilizados para o inmobilizado material son exclusivamente os de custo de adquisición segundo o importe das obrigas recoñecidas a 31 de decembro. Non se incorporaron custes financeiros a valores de inmobilizado. Se engade ao dito valor de adquisición os gastos adicionais ata o que o ben do que se trate se atope en condicións de funcionamento. Se entenderá como momento da posta en funcionamento o da correspondente acta de recepción. Tal como se sinalou en relación ás amortizacións, puxéronse de manifesto deficiencias na remisión de información patrimonial á contabilidade municipal, entre outras, a remisión das actas de recepción dos investimentos.

Os impostos indirectos como maior custo do inmobilizados só se ten en conta se cando non teña o carácter de recuperable para a facenda municipal.

Por elo, pode afirmarse que na valoración dos elementos sinalados no encabezamento, seguíuse o modelo de custe, non levándose a cabo ningunha operación polo modelo de revalorización; por elo, figura sen contido o punto 5.2 da Memoria, "Inmobilizacións materiais. Modelo da revalorización".

As adquisicións lucrativas deberían valorarse de conformidade coa norma de valoración número 18º, "Transferencias y subvenciones"; non obstante, non foi dado de alta ningún activo adquirido por prezo nulo, reiterándose neste caso as deficiencias na remisión de información de carácter patrimonial, o que unido á falta de persoal, á inexistencia de inventario actualizado, e á falta dunha axeitada aplicación contable para a levanza da contabilidade patrimonial impide un reflexo fiel da realidade patrimonial municipal.

No inmobilizado adquirido por expropiación se entenderá por prezo de adquisición a contía do xustiprezo.

Non consta un Inventario de bens e dereitos. Claro exemplo desta circunstancia é que no Balance a 31-12-2009 e anteriores xa aparece a conta 220 con signo negativo.

Os datos acumulados de balance das contas de inmobilizado e fondos propios son os resultantes da acumulación dos importes a 31/12/2009 máis as obrigas recoñecidas do exercicio 2010, 2011, 2012, 2013 2014 e 2015 e os movementos patrimoniais

imputados no mesmo exercicio, sen que exista correlación cos datos do inventario patrimonial.

a.2) Con respecto ás **amortizacións**, débese indicar que ata o exercicio económico correspondente ao ano 2009 non se dotaran amortizacións do inmovilizado, tal e como se expón nas memorias ás Contas Xerais dos exercicios posteriores ao devandito ano. Dende o exercicio 2012 en diante, se fixa de novo idéntico criterio ao utilizado ata o ano 2009, salvo polo que fai a continuidade nas amortizacións iniciadas.

Non obstante, no exercicio 2015 optouse por retomar o criterio iniciado nos exercicios 2011 e 2012, continuando a dotación da amortización dos bens que xa foran obxecto dela en contas anteriores (exceptúanse, polo dito anteriormente, o activo adquirido nos exercicios 2013 e 2014), e retómase a amortización dos elementos de activo amortizables adquiridos no exercicio 2015, dando lugar todo elo ás oportunas anotacións contables con repercusión no resultado económico patrimonial.

As dotacións á amortización conteñen notables limitacións no seu cálculo, que se derivan esencialmente da inexistencia dun inventario actualizado; tampouco constan, dado que non se ten recibido información ao respecto, altas de bens que puideran terse recibido con carácter gratuito (cesións, ...), efectuándose os cálculos para a amortización exclusivamente sobre aqueles bens cuxo valor se deduce da contabilidade orzamentaria, a excepción de aquelas construcións ou inversións amortizables que foron obxecto de entregas a conta (certificacións de obra), e das que non se ten canalizada a información á contabilidade municipal para ter en conta a súa recepción.

No actual exercicio, mantendo o criterio utilizado nos dous últimos anos pechados, dotáronse as correspondentes amortizacións polos bens activados e os activos.

O método de amortización é o método lineal e a vida útil estimada é a seguinte :

	Anos
Construcións	50
Inmobles adscritos e cedidos a terceiros	50
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, Instalacións e Utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5
Fondo bibliográfico e outros	8

Considérase como momento de inicio de amortización contable en termos xerais o mes seguinte da data do recoñecemento da obriga correspondente e / ou no mes seguinte da recepción da obra e /ou subministro segundo o soporte documental que obre no departamento de contabilidade ao peche do exercicio correspondente

O valor residual considerase non significativo, polo que segundo o principio de importancia relativa, non se terá en conta para a determinación da base de cálculo

sobre a que se efectúa a amortización .

a.3) De conformidade coas "Notas para a apertura contable o 1 de xaneiro de 2015", o saldo da conta 1080 "Patrimonio entregado en cesión" viña recollendo o inmovilizado adquirido e / ou construído polo Concello con destino ao servizo de auga potable e saneamento de conformidade co establecido no prego de condicións económico – administrativas que rexe o contrato subscrito ca empresa concesionaria. O seu saldo a 31/12/2014, que ascendía a 3.895.145,83 euros pasou no asento de apertura a formar parte do saldo da conta 1200 "Resultados de exercicios anteriores". De conformidade con ditas normas, "De acuerdo con las normas de reconocimiento y valoración 18 "Transferencias y subvenciones" (punto 4) y 19 "Adscripciones y otras cesiones gratuitas de uso de bienes y derechos", las cesiones gratuitas de uso de bienes realizadas a favor de otros entes se consideraran como subvenciones en especie. El saldo de la cuenta 108 se dará de baja incorporándolo a la cuenta 120 "Resultados de ejercicios anteriores".

O mesmo cabe indicar respecto do saldo a 31/12/2014 da conta 1090 "Patrimonio entregado a uso xeral"; de conformidade coas "Notas para a apertura contable o 1 de xaneiro de 2015", o seu saldo por importe de 52.058.549,85 euros pasou a formar parte do saldo da conta 1200 "Resultados de exercicios anteriores"

O importe total do saldo da conta 1200 no asento de apertura de 2015 ascendeu, en consecuencia, a un total de 55.953.695,68 euros, resultado da agregación dos saldos ao peche do exercicio 2014 das contas 1080 e 1090.

a.4) A partires do exercicio 2015, as cesións gratuítas de uso de bens realizadas a favor de outros entes deben considerarse como subvencións en especie. Non se ten contabilizado no exercicio 2015, dados os déficits na canalización de información patrimonial, neste caso actas de recepción polo Concello á contabilidade municipal, e elo con base no establecido nos " Principios Contables públicos "(documento nº 6 apartado 8.3.1) respecto ao momento no que se considera que un ben está en condicións de funcionamento que é precisamente o da expedición da acta de recepción.

a.5) O inmovilizado realizado pola propia entidade se valorará polo seu custo de produción incluíndo no mesmo os gastos de persoal directamente imputables

a.6) Se comezou no exercicio 2010 ,a reflectir os movementos patrimoniais do PMS cuxa constitución formal foi obxecto de acordo Plenario acordo do Pleno de 25/9/2008. Non consta a aprobación anual da actualización do mesmo.

O saldo e movementos desta conta só fan referencia a movementos incorporados a contabilidade no exercicio 2010, 2011 e 2012 e regularizacións contables no seu caso.

As parcelas que forman parte do PMS se valoran polo seu prezo de adquisición, a falta de maior información técnica ao respecto. na valoración dos elementos sinalados no, seguiu-se o modelo de custe, non levándose a cabo ningunha operación polo modelo de revalorización; por elo, figura sen contido o punto 6.2 da Memoria, "Patrimonio Público

do Solo. Modelo da revalorización”.

a.7) Non consta información relativa á existencia de Activo que reúna as condicións para a súa cualificación como “Investimento Inmobiliario” (N.V. 4º) , entendendo por tal, segundo dita norma “... *inmuebles (terrenos o edificios, considerados en su totalidad o en parte, o ambos) que se tienen (por parte del propietario o por parte del arrendatario que haya acordado un arrendamiento financiero) para obtener rentas, plusvalías o ambas, no para su uso en la producción o suministro de bienes o servicios, ni para fines administrativos, ni para su venta en el curso ordinario de las operaciones. Asimismo, se considerarán inversiones inmobiliarias aquellos bienes patrimoniales distintos de los que forman el patrimonio público del suelo que no se clasifiquen a su entrada en el patrimonio de la entidad como inmovilizado material*”.

Por elo, figura sen contido o punto 7 da Memoria, tanto o apartado 1 “Inversións inmobiliarias. Modelo de custe” como o apartado 2 “Inversións inmobiliarias. Modelo de revalorización”.

b) Inmovilizado intanxible (norma de valoración 5º).

O inmovilizado inmaterial incorporado no exercicio, por importe global de 49.300,00 euros e foi dado de alta polo seu prezo de adquisición.

Na valoración dos elementos sinalados no encabezamento, seguiuuse o modelo de custe, non levándose a cabo ningunha operación polo modelo de revalorización; por elo, figura sen contido o punto 8.2 da Memoria, “Inmovilizado intanxible. Modelo da revalorización”.

c) Arrendamentos e outras operacións de natureza similar (norma de valoración 6º).

Non houbo ao longo do exercicio 2015 operacións que puideran ter a consideración de arrendamento financeiro, que por elo puideran dar lugar a un alta no activo correspondente, de conformidade coa norma de valoración 6º.

d) Activos en estado de venda (norma de valoración 7º).

Carécese de información sobre o inmovilizado para o encadre dos activos neste grupo, por canto que a norma de recoñecemento e valoración nº 7 do actual plan esixen que para aplicar esta clasificación, o activo debe estar dispoñible nas súas condicións actuais para a venda inmediata e esta ha de ser altamente probable, recollendo dita norma as circunstancias que se teñen que cumprir para considerar que esta venda sexa altamente probable; carécese de información dende a contabilidade municipal para levar a cabo dita clasificación.

Debido ás limitacións na información sobre o patrimonio, varias veces mencionadas, non ten sido posible clasificar ningún activo como “en estado de venda”.

e) Activos financeiros (norma de valoración 8º)

e.1) O saldo da conta do subgrupo 25 por importe de 397.870,01 euros se

corresponde co valor expresado no cadro incorporado a esta memoria.

e.2) O saldo da conta 5440 recolle o importe dos anticipos concedidos ao persoal municipal e que están pendentes de reembolso.

e.3) AS contas do subgrupo 27, fianzas e depósitos constituídos a longo prazo figuran por importe de 17.879,38 euros no estado correspondente. Non tiveron movemento al longo do exercicio, polo que recollen exclusivamente os saldos procedentes de exercicios anteriores. Polo que fai á conta 2750, Depósitos constituídos a longo prazo, e segundo o indicado en sucesivas incidencias a Contas Xerais de exercicios anteriores, dita conta non ten enlace con ningún concepto extraorxamentario posto que no seu momento foi obxecto de imputación ao estado de gastos do orzamento.

Non houbo correccións por deterioro de valor ao longo do exercicio, razón pola que o estado 10.1.B) figura sen contido.

Así mesmo, non constan os estados 10.3.A e 10.3.B Risco de tipo de cambio e de tipo de xuro por non terse producido feitos económicos desta natureza ao longo do exercicio 2015.

f) Pasivos financeiros

Na entidade só constan pasivos financeiros a custe amortizable, dado que non consta información de que ningún pasivo financeiro reúna as condicións sinaladas na norma de valoración número 9º para ter a consideración de pasivo a valor razoable.

Enténdese por pasivo a valor razoable, segundo o sinalado en dita norma de valoración,

"1. Deudas representadas en valores negociables emitidos con el acuerdo o el objetivo de recomprarlos a corto plazo, excepto aquellos en los que el acuerdo se efectúe a un precio fijo o a un precio igual al de emisión más la rentabilidad normal del prestamista.

2. Los derivados, excepto aquellos que sean contratos de garantía financiera o hayan sido designados como instrumentos de cobertura y cumplan los requisitos de la norma de reconocimiento y valoración nº 10 "Coberturas contables".

Por elo, figura sen contido o estado 11.1.B) da Memoria.

No estado relativo a débedas a custe amortizado, figuran tanto a débeda con entidades financeiras (a curto e a longo prazo) como a débeda derivada das liquidacións negativas na Participación nos Ingresos do Estado (correspondente aos exercicios 2008, 2009 e 2013). Figuran saldos a 1 de xaneiro, creacións de débeda (disposición de préstamo de 2014 con LA CAIXA, liquidación de PIE 2013, refinanciamento do préstamo ICO e unha operación de tesourería que se cancelou antes de finalizar o exercicio).

Figuran diminucións derivadas das amortizacións e cancelación de débedas por refinanciamento; e saldo a fin de exercicio, producíndose pequena diferenza de céntimos con saldos de balance.

A fin de exercicio, constan e foron obxecto da correspondente contabilización en partida dobre, xuros devengados e non vencidos por importe de 32.360,18 euros.

Valoración do pasivo é por valor razoable, que segundo a norma de valoración é, salvo evidencia en contrario, o prezo da transacción; ven coincidir co que, ao abeiro da anterior Instrución de contabilidade denominábase valor de reembolso.

Así mesmo, non constan os estados 11.3.A e 11.3.B Risco de tipo de cambio e de tipo de xuro por non terse producido feitos económicos desta natureza ao longo do exercicio 2015.

Os estados 11.4.A. Avais e garantías concedidas. Avais concedidos, 11.4.B Avais e garantías concedidas. Avais executados, e 11.4.C. Avais e garantías concedidas. Avais reintegrados, figuran baleiros por falta de feitos económicos desta natureza no 2015.

g) Coberturas contables (Norma de Valoración 10º)

Só consta un instrumento de cobertura consistente nun derivado; dado que a partida cuberta é un pasivo financeiro a custe amortizado, en concreto o préstamo con código 2007 1 CGAL 01, a valoración do instrumento de cobertura efectúase co mesmo criterio que a partida cuberta, e cúmprense os requisitos sinalados en dita norma de valoración:

- O instrumento financeiro é unha permuta financeira de divisas.
- A partida cuberta é un pasivo financeiro a custe amortizado.
- O instrumento de cobertura désígnase para compensar as variacións nos fluxos de efectivo da partida cuberta debidas a riscos de tipo de xuro aos que está efectivamente exposta.
- O instrumento de cobertura consta no contrato asinado coa entidade financeira.
- A corrente debedora ten as mesmas características que a partida cuberta.

A cobertura contabilízase no capítulo 3 de intereses, con imputación ao resultado económico patrimonial do exercicio.

h) Existencias (norma de valoración 11º)

Sen contido

i) Activos construídos ou adquiridos para outras entidades (norma de valoración 12º)

Sen contido

j) Moeda estranxeira (norma de valoración 13º)

Sen contido

k) Imposto sobre o Valor Engadido (norma de valoración 14º)

Contabilizouse o Imposto sobre o Valor Engadido de conformidade cos criterios sinalados na norma de valoración 14º:

- O IVE soportado deducible non formou parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto, e foi obxecto dunha rúbrica

específica.

- O IVE soportado non deducible, que foi a regra xeral, formou parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto.
- O IVE repercutido non formou parte do ingreso derivado das operacións gravadas por dito imposto.

I) Ingresos con contraprestación (norma de valoración 15º)

Os ingresos que reunían as características descritas na norma de valoración 15º contabilizáronse co valor que dita norma establece:

*"Los ingresos surgidos de transacciones con contraprestación se valorarán por el valor razonable de la contrapartida, recibida o por recibir, derivada de los mismos, que salvo evidencia en contrario, será **el precio acordado para dichos bienes o servicios ...**".*

II) Ingresos sen contraprestación (norma de valoración 16º)

Con carácter xeral, os ingresos derivados de impostos e multas e sancións pecuniarias contabilizáronse de conformidade coas norma 16º polo que respecta ao seu recoñecemento e valoración.

m) Provisións, activos e pasivos continxentes (norma de valoración 17º)

A norma de valoración 17º define as **provisións** como un pasivo sobre o que existen incerteza acerca da súa contía e vencemento. Dará orixe ao pasivo todo suceso do que nace unha obriga de pagamento, de tipo legal, contractual ou implícita para a entidade, de xeito que á entidade non lle queda outra alternativa máis realista que satisfacer o importe correspondente. Engadírase tamén o aspecto que non foron obxecto de imputación orzamentaria no estado de gastos porque non reunían aínda os requisitos para elo (por exemplo, inexistencia de sentenza firme, pero elevado risco de ter que afrontalo nun futuro próximo).

Procedeuse a dotar como provisións para responsabilidades aquelas contías que teñen sido obxecto de reclamación xudicial, e nas que existe unha certa expectativa, ben sexa polo resultado de procesos similares anteriores, ou mesmo porque á data de peche coñecía-se un resultado desfavorable para a Administración, aínda que sen notificación de sentenza xudicial firme que permitía o seu recoñecemento orzamentario. É de subliñar **que é o primeiro exercicio no que se dotan provisións desta natureza**, afectando a súa contabilización ao resultado económico patrimonial.

A modo de resumen, sinálanse as seguintes dotacións:

- Dotacións para responsabilidades derivadas de procesos xudiciais en materia de persoal, por un importe de 510.508,99 euros.
- Provisión por contenciosos presentados en materia de ingresos; estimouse que poderían prosperar en torno a un 40% dos mesmos, polo que se dotou unha

- provisión de 390.505,92 euros
- Provisión por liquidación de concesión, derivada do PO 132/2015, 336.945,00 euros
- As provisións por outros contenciosos abertos (dos que, nalgún deles, xa consta sentenza desfavorable para os intereses municipais), ascendeu a 1.867.349,70 euros.
- En materia de intereses efectuouse unha estimación de 56.633,56 euros.

O importe total de provisións ascendeu a 3.161.943,17 euros, tomando en conta para a determinación da súa contía o importe da reclamación, a excepción da dotación derivada de contenciosos interpostos en materia de ingresos, no que se fixo unha estimación porcentual sobre os que se teñen interposto.

Así mesmo, dotáronse **provisións para insolvencias** por un importe de 17.633.932,97 euros; na súa determinación tivéronse en conta as porcentaxes mínimos para o cálculo do dubidoso cobro no artigo 193.bis TRLRFL, que se rectificou coa dotación do 100% das contías recoñecidas e liquidadas pendentes de ingreso dos conceptos 39910, 39190, 39191., 39192, 39200, 39300 correspondente a multas e sancións, recargas e xuros de mora de exercicios pechados (anos 2009 a 2014 inclusive) con base no escaso movemento e porque amosan un moi baixo estado de recadación efectiva, e como criterio adicional de prudencia, o que implica un cambio de criterio con respecto a o exercicio anterior 2014, e supoñendo un incremento na dotación por dubidoso cobro de 2,9 millóns.

Esta mesma norma de valoración fai referencia aos chamados **pasivos continxentes**, entendendo que entra en dito concepto

"una obligación posible, surgida a raíz de sucesos pasados, cuya existencia ha de ser confirmada sólo por la ocurrencia, o en su caso por la no ocurrencia, de uno o más acontecimientos inciertos en el futuro, que no están enteramente bajo el control de la entidad; o bien

Una obligación presente, surgida a raíz de sucesos pasados, que no se ha reconocido contablemente porque;

No es probable que la entidad tenga que satisfacerla, desprendiéndose de recursos que incorporen rendimientos económicos o prestación de servicios; o bien

El importe de la obligación no puede ser valorado con la suficiente fiabilidad".

De conformidade co último apartado desta norma de valoración, ditos pasivos continxentes non poden ser obxecto de anotación contable algunha con reflexo no balance; non obstante, informarse na memoria. Dado que a aplicación contable non fai posible o seu reflexo no punto 16 por non dar lugar a anotación contable algunha, procédese a enunciar as que teñen a consideración de PASIVO CONTINXENTE:

Reclamacións de intereses presentadas por varios provedores, aos que se lle aboaron débedas no marco do Real decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro; segundo a citada normativa, o abono a favor do contratista conlevaba a extinción da débeda contraída pola entidade local co contratista, tanto polo principal como polos intereses de demora, renunciando a estes últimos. Esta renuncia foi obxecto de recurso perante os tribunais,

con resultados desiguais (Sentenza 232/2014, de 1 de abril, do TSJ de Valencia, Sentenza 15/2015, de 14 de xaneiro, do TSJ de Valencia, Sentenza 355/2014, de 24 e novembro, do Xulgado do Contencioso administrativo número 6 de Valencia, Sentenza 171/2015, de 19 de novembro, do Xulgado de Primeira Instancia núm. 21 de Sevilla); na actualidade, atópase pendente a Cuestión Prexudicial interposta ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, por considerar abusivas as cláusulas que impedían o cobro dos intereses de demora nestes supostos, en aplicación da Directiva 2011/7/UE. É por esta situación de provisionalidade, polo que se considera como pasivo continxente as reclamacións (algunha delas sen cuantificar) que se efectuaron polas seguintes entidades:

EMPRESA	IMPORTE RECLAMADO
Urbaser, S.A.,	78.690,16 euros
API Movilidad, S.A.,	SEN CUANTIFICAR
Telefónica de España	SEN CUANTIFICAR
Telefónica Móviles España	SEN CUANTIFICAR
Servicios y Materiales S.A..	24.086,13 euros

Carécese de información relevante sobre **activos continxentes**.

n) Transferencias e subvencións (norma de valoración 18º)

Con respecto ás subvencións monetarias concedidas, procedeuse do xeito sinalado na citada norma, contabilizándose como gastos no momento no que se tivo constancia de que se tiñan cumprido as condicións establecidas para a súa percepción, procedéndose en tódolos casos á imputación orzamentaria das mesmas ao terse ditado o acto administrativo correspondente antes do peche do exercicio orzamentario. Así mesmo, a norma sinalada contén unha novidade no aspecto que de seguido se indica:

"Cuando al cierre del ejercicio esté pendiente el cumplimiento de alguna de las condiciones establecidas para su percepción, pero no existan dudas razonables sobre su futuro cumplimiento, se deberá dotar una provisión por los correspondientes importes, con la finalidad de reflejar el gasto".

Por elo, procedeuse a dotar dúas provisións por importe global de 220.804,67 euros, que se reflicten na conta 5880 "Provisión a curto prazo para transferencias e subvencións", e que teñen como antecedente:

- Importe do gasto comprometido a fin de exercicio para achegas correntes (axudas de risco social e outras), por importe global de 178.626,09 euros.
- Importe do gasto comprometido a fin de exercicio para axudas de rehabilitación de vivendas, por un importe total de 42.178,58 euros

A suma de dotacións para responsabilidades máis a dotación por subvencións concedidas citada ascende a un total de 3.382.747,84 euros, contía que se reflicte no

cadro correspondente ao punto 16 da Memoria "Provisións e continxencias", no apartado "Provisións a curto prazo".

Polo que respecta ás subvencións recibidas, e por falta de medios persoais e materiais na Intervención municipal, non foi posible a posta en marcha dos adecuados mecanismos informáticos para a axeitada levanza ao longo do exercicio para unha correcta contabilización das subvencións recibidas. En esencia, implica a contabilización

"...con carácter general, como ingresos directamente imputados al patrimonio neto, en una partida específica, debiéndose imputar al resultado del ejercicio sobre una base sistemática y racional de forma correlacionada con los gastos derivado de la subvención de que se trate, para lo que se tendrá en cuenta la finalidad fijada en su concesión".

Ao non ser posible o seguimento informático de tales circunstancias, a totalidade das subvencións pasaron a imputarse a resultados do exercicio, o que se considera que é o máis correcto dende un punto de vista do principio de importancia relativa, dado que a maior parte das subvencións reunían os requisitos para elo.

Sen embargo, e con respecto ás subvencións para financiar gasto corrente, e dado que a norma de valoración sinalaba que *"Se imputarán al resultado del mismo ejercicio en el que se devenguen los gastos que estén financiando"*, e dada a constancia da non execución en 2015 de determinados gastos correntes do que si constaba a recepción das respectivas subvencións, optouse por realizar un asento de regularización pola citada contía, dando de baixa a mesma do resultado do exercicio e imputándoa ao patrimonio neto. Practicáronse tres asentos:

Conta 9411, por importe de 61.768,71 pola parte que financiaba gasto corrente

Conta 9411, polo importe de transferencias de capital recibidas que non chegaron a materializarse en obrigas recoñecidas no exercicio.

No tocante ás subvencións para adquisición de activos, indica a norma que *"Se imputarán al resultado de cada ejercicio en proporción a la vida útil del bien, aplicando el mismo método que para la dotación a la amortización de los citados elementos, o, en su caso, cuando se produzca su enajenación o baja en inventario."*

En caso de activos no amortizables, se imputarán como ingresos en el ejercicio en el que se produzca la enajenación o baja en inventario de los mismos." Por elo, procedeuse á regularización, figurando na conta de patrimonio neto (9401) un total de subvencións recibidas por un importe de 2.868.298,95 euros.

O resultado de dita regularización reflíctese no balance de situación no apartado relativo a "Subvencións recibidas pendentes de imputación a resultados".

ñ) Adscrición e outras cesións gratuítas de bens e dereitos (norma de valoración 19º)

Non consta contabilización, por poñerse de manifesto deficiencias nas canles de transmisión de información entre patrimonio e contabilidade.

o) Actividades conxuntas (norma de valoración 20º)

Sen contido

p) Cambios en criterios e estimacións contables e erros (norma de valoración 21º)

Non se practicaron máis cambios en criterios e estimacións contables que os postos de manifesto nos respectivos apartados de esta parte da Memoria. O sinalado respecto da práctica das amortizacións de activo considéranse cambio na estimación contable e aplicouse, en consecuencia, con carácter prospectivo e imputado ao resultado do exercicio.

q) Información sobre contratos

No apartado da Memoria correspondente a información sobre contratos achégase:

- Por unha banda, os datos aportados polo departamento de contratación, respecto de aqueles contratos aos que non se lles aplicou o trámite do contrato menor.
- Por outra banda, respecto dos contratos menores, neste exercicio de posta en marcha da nova Instrución de Contabilidade, e ante a falta de informatización da información, o que está sendo solucionado para o 2016, só procedeuse a incluír no apartado 22 da Memoria os contratos menores que, por ser obxecto de tramitación previa, foron obxecto de contabilización mediante operación AD. Non foron incluídos, tanto pola falta de tratamento informatizado da información como por falta de persoal no departamento de contabilidade, aqueles que, por non ser obxecto de tramitación previa, foi aprobado o gasto mediante operación acumulada ADO.

r) Feitos posteriores ao peche do exercicio (norma de valoración 22º)

Reflictese no apartado 28º da Memoria.